

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015597	CPR Plurilingüe La Milagrosa	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Este curso 2023-2024, está formada por 22 alumnos xa integrados no centro nos dous anos anteriores ao que se lle unen dous alumnos de nova incorporación. Tres deles con dificultades na área de linguaxe, para os que se deseñarán actividades individuais, ademais de proporcionarlles apoio da logopeda do centro e da PT.

Esta área pretende promover nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permita comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas.

Os obxectivos desta área relaciónanse coa habilidade de comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira respectuosa, ética, adecuada e creativa. Pretende promover nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas. Recolle a achega de instrumentos tanto na súa dimensión receptiva coma produtiva e incorpora as múltiples maneiras que ten o ser humano de representar a realidade e de comunicarse.

Polo que traballarase:

-A oralidade como instrumento por excelencia para a comunicación: a expresión de vivencias, sentimentos, ideas ou emocións.

-A linguaxe escrita como un contexto de interacción con iguais e persoas adultas que exercen como modelos lectores e escritores, que espertará a curiosidade, o interese e as ganas de explorar e de descubrir o seu significado social e cultural.

-As linguaxes artísticas para fomentar a creatividade.

-A linguaxe musical como un medio que permite a comunicación cos demais, xa que posibilita o desenvolvemento de aspectos como a escoita atenta e activa e facilita a adquisición da linguaxe oral.

-A linguaxe plástica que poñerá as nenas e nenos en contacto con diversidade de obras relacionadas con expresións artísticas variadas, para iniciar así o desenvolvemento do sentido estético e artístico.

-A linguaxe corporal que permite o descubrimento de novas e persoais posibilidades expresivas que poden utilizarse cunha intención comunicativas, representativa ou estética e contribuirán ao autocoñecemento e á construción da identidade e ao coñecemento da realidade.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de 3 unidades didácticas (unha en cada trimestre). Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares e que fomente o interese dos nenos e nenas tendo en conta a realidade da aula e establecendo categorías xerais que actuarán como referencia para os centros de interese de cada unidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1				1		1	
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1				1		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1			1	1		1	
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1				1		1	1
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1				1		1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Enigma animal	Esta unidade traballa o medio natural e social e, por iso, os nenos deberán embarcarse nunha misión que lle permitirá formar parte da Sociedade Protectora do Planeta. A misión consiste en descubrir tres animais cun só dato de cada un. O logro final será formar parte da Sociedade Protectora do Planeta	94	X		
2	Croqueta producións	Nesta unidade traballarase a arte, por iso, os nenos deberán embarcarse nunha misión para axudar na rodaxe dunha película. Esta é unha misión de planificación, deberán axudar a unha directora de cine a levar a cabo o seu proxecto. O logro final será rodar unha película.	93		X	
3	Misión interestelar	Esta unidade traballa a ciencia e a tecnoloxía, por iso, os alumnos deberán embarcarse nunha misión espacial e superar diferentes momentos e aventuras. Esta é unha misión de rol, os nenos terán que poñerse no papel dos astronautas para superar as probas e preguntas do certame da Estación Espacial Internacional. O logro final será superar o certame da Estación Espacial Internacional.	93			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Enigma animal	94

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa en asembleas e diálogos amosando as súas ideas.	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas en representacións artísticas.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Participa en dramatizacións tanto en galego como en castelán.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Participa en actividades relacionadas con adiviñas e textos escritos nas diferentes linguas cooficiais.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Utiliza de forma gradual un vocabulario máis amplo.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa en xogos recoñecendo os diferentes sons da lingua.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende as mensaxes emitidas por outras persoas.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Amosa interese pola linguaxe escrita.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Escribe o seu propio nome e outras palabras importantes do seu contorno.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Participa nas actividades da biblioteca con gozo.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Amosa interese polos contos relatados nas dúas linguas cooficiais.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos de percusión recursos e técnicas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Amosarse respectuoso coas producións dos demais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta de forma axeitada as mensaxes transmitidas polo emisor.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Participa nas producións plásticas colectivas amosando interese.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais de xeito respectuoso.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en dramatizacións e danzas movéndose de forma libre.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	E capaz de expresarse de expresarse corporalmente, empregando o corpo e o movemento, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Descubrimiento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Respecto polas producións alleas. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
2	Croqueta producións	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa activamente en asembleas de forma espontanea.	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte de xeito guiado a súa interpretación de representacións ou de manifestacións artísticas.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Adapta o seu vocabulario aos diferentes contextos.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Participa de xeito guiado en asembleas e diálogos nas dúas linguas cooficiales.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Participa en conversas nas diferentes linguas cooficiales.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Entende e utiliza o vocabulario cotiá en lingua estranxeira.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa en actividades de conciencia fonolóxica recoñecendo os diferentes sons .	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende as mensaxes emitidas por outras persoas.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para expoñer a os demais as súas necesidades e desexos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresa as súas ideas en situacións de intercambio comunicativo.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Amosa interese por participar en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Desenvolve a grafomotricidade coa direccionalidade correcta.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca respectando as normas de uso.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo despois dunha escoita dun texto literario.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa as súas preferencias nas distintas manifestacións artísticas.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa nas actividades musicais utilizando instrumentos, recursos e técnicas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións propias e as dos demais.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte de xeito guiado a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais de xeito respectuoso.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre individuais e colectivas.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai aportacións de xeito guiado en situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.

Contidos

- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	Misión interestelar	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa de xeito guiado en actividades de intercambio comunicativo.	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Participa en situacións de comunicación, axustándose ao contexto e interlocutores, nas diferentes linguas.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Participa de xeito guiado en actividades de intercambio comunicativo tanto en actividades individuais como nas de grupo.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Participa de xeito guiado en actividades de intercambio comunicativo nas diferentes linguas.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece e comprende algunha palabra en ambas linguas cooficiais.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece e emprega algunha particularidade lingüística de contorna próxima.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Coñece as expresións convencionais básicas e emprégaaas de forma respectuosa cos demais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Participa de xeito guiado en actividades de intercambio comunicativo nas diferentes linguas oficiais.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa en actividades de conciencia fonolóxica recoñecendo os diferentes sons , asociándoos as letras, sílabas e palabras.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende as mensaxes emitidas por outras persoas.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral de xeito guiado nas diferentes situacións de intercambio comunicativo.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para expoñer aos demais as súas necesidades e desexos.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Participa en situacións de intercambio comunicativo.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente empregando palabras a partir de oracións feitas noutras linguaxes	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres ou suxeridos.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito empregando signos e palabras coñecidas a partir de creacións feitas noutras linguas	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar e diferenciar palabras segundo as súas características.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria respectando as normas de uso.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención a lectura de textos literarios e goza compartindo ese momento cos compañeiros e compañeiras.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa en actividades de intercambio comunicativo tras a escoita ou lectura dun texto literario.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir sons.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais de xeito respectuoso.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente empregando a voz e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte de xeito guiado a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas con interese.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais de xeito respectuoso.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas empregando diferentes técnicas e materiais feitas noutras linguaxes.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre, individuais e colectivas.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas de xeito guiado sobre as interpretacións dos demais, de xeito respectuoso.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai algunha aportación de xeito guiado virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Fai algunha aportación de xeito guiado virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.

Contidos

- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.

Contidos

- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía basease no principio da aprendizaxe significativo, partindo dos coñecementos previos dos nenos e nenas e conectando cos seus intereses e necesidades, facéndoos deste modo protagonistas do seu procedemento de aprendizaxe.

É fundamental, ademais, ter sempre en conta o principio de globalización, interrelacionando as tres áreas ou ámbitos de experiencia que forman o currículo, pois o acercamento dos nenos e nenas á realidade que se quere coñecer é global.

A ensinanza ten que ser activa, polo que daremos ocasión a que os nenos/as participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe, alentando o desenvolvemento da súa imaxinación e a súa capacidade de observación.

Tamén teremos moi en conta o principio de socialización, valorando constantemente a participación, o compañeirismo, a axuda e o respecto cara os demais, de xeito que os nenos/as aprendan a convivir e vaian superando pouco a pouco o egocentrismo característico destas idades.

O principio de participación da familia na escola é fundamental na etapa de infantil. Considerando especialmente as limitacións que poidamos ter neste sentido dado o contexto sociocultural do noso alumnado, promovendo a colaboración e a participación das familias e fomentaremos o establecemento de criterios comúns e pautas homoxéneas de actuación que favorezan o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento harmónico da personalidade dos nenos e nenas.

A acción educativa basease na creación dun clima de seguridade afectiva, que permita os nenos/as acercarse o mundo que os rodea e establecer a súas primeiras relacións sociais co adulto e os seus iguais.

Estableceranse unhas rutinas de clase, como compoñente de constancia e regularidade, que aportarán o alumnado a seguridade de saber que facer en cada momento.

Darase importancia as asembleas como base para o desenvolvemento da súa competencia lingüística.

As actividades terán fundamentalmente un carácter lúdico, pois o xogo é unha das principais fontes de aprendizaxe nestas idades. Serán principalmente, manipulativas, participativas e activas.

Realizaranse, por tanto, todo tipo de xogos: dirixido, libre, manipulativo, simbólico, de imitación...

Darase gran importancia as actividades baseadas na observación e a experimentación, orientadas a estimular a curiosidade dos nenos e nenas.

Alternaranse as actividades individuais con actividades e xogos de grupos, orientadas fundamentalmente a fomentar os valores da convivencia.

O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación	
1.	Materiais que desenvolven o pensamento lóxico.*
2.	Materiais para o desenvolvemento da representación e xogo simbólico. *
3.	Materiais para o desenvolvemento da expresión oral: Coleccións de imaxes, láminas e murais, bits, bits de lectura, libros para ver e contar.
4.	Materiais para o desenvolvemento da expresión plástica: Caixa de xices, témperas flúor, limpapipas, ollos móbiles, bolsa zip, paus de cores variadas, goma eva de cores, cartolinas,...
5.	Materiais para o desenvolvemento musical e corporal: instrumentos musicais, o seu propio corpo, estruturas de goma eva, aros, cordas, balóns, conos, canastra de baloncesto...
6.	Materiais audiovisuais: Ordenadores de aula, tablet de aula, proxector, pantalla dixital, reprodutor musical,
7.	Materiais impresos. *

*Materiais para o desenvolvemento da representación e xogo simbólico serán por exemplo:

- Materiais non estruturados: botóns, madeiras, cortizas, bolsas, paus, piñas, cordas...

- Materiais recollidos da comunidade (mediante achegas da familia ou do barrio): vaixelas, obxectos da cociña, pinzas, rolos, bixutería, zapatos de adultos, roupa de adultos, bolsos, roupa de bebé, sombreiros...

- Materiais que se adquiren no comercio: cociñas, garaxes, mercados, casiñas de monecas, monecos articulados, animais de plástico, maletín de médico ou carpinteiro, teléfonos, máquinas de fotos, e é destacable monicreques ou teatro de marionetas, xa que ten especial importancia desde o punto de vista do desenvolvemento da linguaxe.

*Materiais que desenvolven o pensamento lóxico:

Estes materiais permitirannos realizar actividades de comparación, asociación, ordenación, clasificación, seriación, medición e contaxe.

- Para ordenar, usaremos obxectos que diminúan progresivamente en tamaño, en ton de cor, en peso, etc. como bólas de ensartar, caixas para introducir unhas dentro doutras, cuncas, vasos, medidas de capacidade, etc.

- Para seriar, usaremos obxectos que poidan ir alternando diferentes formas, tamaños, cores... como por exemplo, botóns, xoguetes, bolsas, carretes de fio...

*Materiais impresos:

- Para o docente: material de proxectos editoriais, currículos de Educación Infantil, documentos do centro, programacións, documentos de congresos, seminarios.

- Para os nenos: cadernos de traballo do proxecto editorial e o resto de materiais do proxecto (por exemplo, láminas de arte, láminas de vocabulario, bits de intelixencia), murais de imaxes, láminas creadas no centro, contos, cómics, libros de imaxes, fotografías, libros da natureza, de civilizacións, doutros países e contornos, literatura infantil.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Subliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa cualificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, porase especial atención á finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc).

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar a aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base as súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecuar a programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Empregar unha metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no PE do centro e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno/a.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese

por aprender.

- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, mesmo con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo modelos.
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden favorecer a aparición de conductas disruptivas ou inadecuadas, salvo para alumnado que polas súas necesidades poida precisar este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar (titoría coas familias ou titores legais, PT do centro, logopeda...).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X		
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.	X		
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas actividades do Programa Didáctico do Concello de Santiago.	Asistir a tres representacións teatrais, unha en cada trimestre que oferta o Concello de Santiago.	X	X	X
Colaborar nas distintas actividades propostas dende a biblioteca do centro	Actividades para celebra as diferentes festividades.	X	X	X
Participar no programa "Proxectos de Vida Activa e Deportiva"	Merendas saudables, dous días a semana, e facer un círculo semanal de actividade física.	X	X	X
Festas da Milagrosa	Participar na carreira pedestre do cole coa posterior entrega de trofeos.	X		
Visita a Biblioteca A Fundación no 2º trimestre	Participar nunha sesión de contacontos, e coñecer as normas de comportamento na Biblioteca.		X	
Realización de máscaras e photocall	Elaboración dunha máscara relacionada co tema "A volta ao mundo"		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha granxa-escola (aínda por determinar) no 3º trimestre	Participar nas diferentes tarefas do coidado dos animais. /			X
Festival fin de curso	Para celebrar o remate de curso participaremos no festival onde asistirán todas ás familias.			X
Celebración do magosto	Todo o alumnado asiste ao magosto organizado pala ANPA	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado.
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e axeitados.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades apropiada.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados